

LIBROS VIVINTES



SUMMA
ÁGORA

Sinto que meu pai foi a única persoa que de verdade me entendeu na vida. Meu pai era cobrador de seguros e traballaba polas aldeas. Era feliz indo dun lado a outro e falando cos paisanos, gustáballe moito o trato coa xente do rural. E sobre todo era extremadamente culto e un lector voraz. Tiñamos tantos libros na casa que unha vez cedeu parte dun chan polo peso que soportaba. Foi el quen me ensinou a ler, antes xa de entrar eu na escola...



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Bibliotecas Municipais
da Coruña

Sinto que meu pai foi a única persoa que de verdade me entendeu na vida. Meu pai era cobrador de seguros e traballaba polas aldeas. Era feliz indo dun lado a outro e falando cos paisanos, gustáballe moito o trato coa xente do rural. E sobre todo era extremadamente culto e un lector voraz. Tiñamos tantos libros na casa que unha vez cedeu parte dun chan polo peso que soportaba. Foi el quen me ensinou a ler, antes xa de entrar eu na escola...

Monte Alto

Unha, dúas, tres, catro veces. A luz entraba pola fiestra e aloumiñaba a súa faciana polas noites, desde o faro da Torre de Hércules. Ela agardaba, esperta, contando para si en silencio. Unha, dúas, tres, catro veces. Aquela luz cruzaba mares e pousaba exacta sobre a cama o perfume fuxidío doutros mundos. Exacta e precisa, lume frío. Unha, dúas, tres, catro veces. Conta comigo, mira, pecha os ollos. Con eles, deitada, soñaba historias, imaxinaba aconteceres, vivía ao carón doutras xentes e noutros países. Unha, dúas, tres, catro veces. Ese primeiro recordo marca, pensa agora, esa luz bañando os seus ollos cada noite, ritmicamente, como unha carícia que se ergue diagonal sobre as cousas todas do mundo. Unha, dúas, tres, catro veces. Non podería ser doutro sitio máis que de aquí. A súa patria era aquela infancia, feliz, aqueles nomes da xeografía íntima do perdido: a Torre, San Amaro, Punta Herminia, a praia do Areal, o Campo de Marte.

Unha casa de pombas e de libros

Sinto que meu pai foi a única persoa que de verdade me entendeu na vida. Meu pai era cobrador de seguros e traballaba polas aldeas. Era feliz indo dun lado a outro e falando cos paisanos, gustáballe moito o trato coa xente do rural. E sobre todo era extremadamente culto e un lector voraz. Tiñamos tantos libros na casa que unha vez cedeu parte dun chan polo peso que soportaba. Foi el quen me ensinou a ler, antes xa de entrar eu na escola.

A esa cultura, a esa curiosidade, sumáballe un carácter alegre e divertido, libre. Penso que nunca deixou de ser un neno grande. Os domingos á mañá poñíanos música e todos bailabamos no salón: Louis Armstrong, jazz, algo ao que non se lle podía chamar claqué, ...

E, ademais, era colombófilo. A xente de agora xa non sabe moi ben o que é iso, descoñece o mundo das pombas mensaxeiras, os usos que tiveron na historia. Sendo eu nena, nas Olimpíadas de Múnic do 1972 fixeran unha solta de pombas. Unha delas desorientouse e non sei como pero

o caso é que chegou ao pombal do meu pai. Meu pai coidouna e tivo fillas. A unha delas, unha pombiña moi bonita, púxolle o meu nome: Fernanda. E acabamos descubrindo que aquela pomba era hermafrodita. Que cousas, verdade?

Pódese dicir, se cadra, que a miña casa era unha casa de pombas e de libros.

Saberse diferente

Quen entrevista escoita e grava, mírase lenemente confirmando os silencios e as palabras, asiste á nudez controlada de quen fala. Lembrando agora aqueles tempos, a protagonista decatábase nidiamente de que sempre tivera ese plan de fuga: a súa imaxinación. A súa curiosidade non tivera límites, a súa ansia por soñar e crear outros mundos fora unha sorte de vía de escape, de espazo libertario no que ela mesma puidera ser soberana.

Unha veces poñía a boina, a trenca e os zocos de galega e achegábase a pintar aos pés da Torre. Ou ía ás cafetarías da cidade. Ou pasaba horas diante do espello, actuando, cantando, declamando. Ou marchaba soa para o cemiterio de San Amaro, a mirar as tumbas e pensar as vidas que habería agochadas en cada unha delas. Cantos soños, amores, horrores, alegrías, padecementos. Dínolo, todo isto, mentres pinta no ar coas mans a súa vida, mentres remeda as voces infantís que a sinalaban daquela como a “rara” -*Fernanda la loca, Fernanda la loca!*-, mentres escribe con tinta de limón no caderno da memoria. Aquel control social abafante de velo branco na cabeza, aquela delación en cada xesto –non ir á misa, non amosar entusiasmo público co réxime-, aquelas miradas reprobatorias de quen che di que non quere que os demais a vexan contigo.

Ten que doer. Comentámolo entre nós, entrevistadores, no café de despois. Coas notas tomadas e coa súa voz aínda fresca nos nosos ouídos. A imaxinación desatada, o atrevemento a vivir como diferente, poida ser quizais unha arma de dobre fío nestes tempos grises. Abre fiestras e pecha outras? Ou non? Doe e fortalece, di alguén. A un tempo. É causa de feridas, mais tamén posibilidade para fuxir. Ti cres? Creo, si. Despois de se asumir como tal, orgullosamente, diferente.

O sorriso dos homes presos

Nós daquela eramos nenos e sabiamos o que nos contaban, non a verdade. A verdade fómola descubrindo aos poucos, tropezamos con ela. A verdade era un home maior, de barbas, cuns zapatos tres números máis grandes que os do seu pé, sentado nun portal mentres agardaba no medio dunha ringleira de xentes abatidas. Eu miraba para aquel home con ollos de nena que se revelan incapaces de comprender, e facía preguntas e máis preguntas. O paso dos anos axudoume a saber os porqués das miradas esquivas e das caras baixas que obtiña por resposta. A miña era, no fondo, unha insistencia insoportable porque delataba, sen pretendelo, a natureza inxusta do que acontecía. Eran interrogantes incómodos fronte ao arbitrario, radicalmente acusadores por naceren da inocencia infantil. Eu preguntaba e preguntaba pero non había quen fose capaz de responder. Aquel home tampouco. Só unha vez o fixo, para nos dicir xustamente que non podía, que os pobres, os vagos e os maleantes tiñan prohibido falar cos nenos mentres agardaban por algo de comer no Auxilio Social.

A verdade eran tamén os presos, aos que berrabamos desde un outeiro cercano cando os víamos no patio. Que facedes aí? Por que estades aí metidos?. Eles sorrían cando nos vían. Moitos non tiñan visitas nin nada, e ao vernos desde o patio sorrían, aledábanse. *Por vagos y maleantes!* Co tempo souben que comportarse de forma diferente ou contraria ao imposto na época te convertía nun vago e maleante. Toda aquela normalidade era unha grande mentira, pero eles sorrían.

Levo tatuado, nos ollos, aquel sorriso, o sorriso dos homes presos.

Aires da miña terra

O pai entrou pola porta e a nena botouse nos seus brazos dun chimp, comezando a exposición atropelada dos motivos do disgusto. O rosmar da nai achegábase medrando desde a cociña, a grandes pasos. O pai suspirou e adoptou aquela súa pose tan melodramática, abriu os brazos sobreactuando e reclamou, con voz degolada, haxa paz!.

A súplica tivo efecto e a cea decorreu tranquila. A nena contoulle ao pai que vira en San Amaro a tumba de Curros Enríquez, aquel señor do que o pai lle dera a ler poemas varios, que ela sabía de memoria.

- Pero como é que está no cemiterio, non fora excomulgado?
- Foi, si, pola súa poesía combativa e anticlerical. Pero despois de estar na emigración, ao morrer, o cadaleito foi embarcado cara a Coruña e fíxoselle un enterro e unha homenaxe popular enorme, como nunca se vira na nosa cidade.

A nena asentira e quedara cismando naquela cousa. Aquel señor, Curros Enríquez, resultáballe simpático. Intuíu con el afinidades que aínda non era quen de asumir e de explicar. Nesa cea seu pai falou tamén das Irmandades da Fala, das que o seu irmán formara tarde. El mantivera esas lealdades á xente e ao país, e todos os días cantaba coas fillas, á noite, o himno galego na versión completa. Aquilo á nai poñíaa dos nervos, polo medo a que o militar andaluz que vivía no piso de abaixo, profundamente franquista e amargado, os puidese escoitar e denunciar. A situación non deixaba de ser, con todo, certamente cómica. O pai entoando con vigor controlado o “fogar de Breogaaaaaannn” mentres a nai rezaba e se persignaba como se aquilo fora un pecado. De feito, naquela época, érao.